

O **contacto lingüístico** dáse cando nun mesmo espazo xeográfico coinciden dúas linguas. Esta copresenza das linguas non é un feito natural, vén determinado por avatares históricos de colonización, dominación cultural, etc. Cando temos situacións de contacto lingüístico, falamos de **sociedades bilingües** e os individuos que as forman son tamén, en distintos graos, **individuos bilingües**. Agora ben, non é o mesmo o **bilingüismo social** ca o **bilingüismo individual**. Falamos de sociedades bilingües cando hai presentes dúas linguas (aínda que pode haber un grupo numeroso de individuos monolingües, por exemplo nas situacións coloniais). Por outra parte, podemos atopar individuos bilingües en sociedades monolingües, como os emigrantes.

Enténdese que un **individuo é bilingüe** cando, ademais da súa primeira lingua, ten unha competencia semellante noutra, sendo capaz de usar unha ou outra en calquera circunstancia con similar eficacia. Para analizar o bilingüismo individual teremos en conta tres factores: a **competencia lingüística** (mide o grao de dominio da lingua en catro destrezas: **falar, escribir, entender e ler**); o **uso** que fai da lingua (ámbitos en que usa cada unha das linguas); e as vías de **adquisición** da lingua (modo de aprendizaxe da lingua: por transmisión familiar ou por aprendizaxe posterior, ben espontaneamente, ben a través da educación).

O que nos interesa na análise do caso galego é o bilingüismo social. Na análise do **bilingüismo social** teremos que ter en conta o equilibrio social entre as dúas linguas en contacto. A situación máis común é que se produza un desequilibrio no número de falantes, na oficialidade da lingua, na defensa e promoción ou represión do idioma, os usos sociais...) e esa situación é a que leva a un **conflito lingüístico**, o que orixina unha problemática sobre o valor que se lle concede a unha e outra lingua e discrepancias sobre o lugar que debe de ocupar na vida social. Para a análise da vitalidade lingüística dunha lingua en conflito teremos en conta:

- O número de falantes de cada unha das linguas para coñecer cal é a maioritaria e cal a minoritaria;
- A distribución xeográfica dos falantes no territorio: predominio en zonas rurais ou urbanas, tendo en conta que as cidades case sempre funcionan como modelos lingüísticos;
- O estatus político da lingua: lexislación que garante a oficialidade da lingua.
- O estatus simbólico da lingua: valoración dos propios falantes da lingua como símbolo da súa identidade.
- O estatus económico dos diferentes grupos lingüísticos.
- O prestixio internacional, é dicir, a presenza da lingua máis alá das fronteiras da sociedade analizada.
- O apoio das institucións públicas.
- O apoio social da industria, o comercio, a relixión e a cultura.

Á situación de desequilibrio entre dúas linguas copresentes nunha sociedade chamámoslle **diglosia**: o termo refírese explicitamente á convivencia de dúas linguas nunha sociedade en situación de desequilibrio entre unha lingua prestixiada ou dominante (**lingua alta**) e unha lingua débil desprestixiada e dominada (**lingua baixa**). O maior prestixio social da lingua alta vén determinado polo superior estatus económico e social do grupo lingüístico que a utiliza (clases altas e cultas de maior poder económico e político).

As situacións de diglosia poden levar, de non corrixiarse o desequilibrio lingüístico, á desaparición da lingua B ou lingua dominada.